

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	5º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Esta programación vai dirixida ao único grupo de 5º de primaria do colexio vila do Arenteiro do Carballiño. O colexio está situado nunha zona residencial da vila e conta con amplos xardíns e patios, gardería, comedor escolar.... Escolarízanse nel arredor de douscentos alumnos e alumnas nunha soa liña de preescolar, primaria e secundaria. Conta ademais con tres unidades de educación especial. O nivel sociocultural das familias é medio. Este grupo de 5º de primaria está formado por 16 alumnos e alumnas. Deste grupo fun titora no anterior curso polo que teño coñecemento das características individuais dos alumnos/as. En xeral, é un grupo fácil de motivar e teñen actitudes e aptitudes artísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A linguaxe musical.	Continuarase coa letura e escritura dos elementos propios da linguaxe musical: notas, silencios, figuras, compases...	20	7	X		
2	Interpretación e creación musical	Interpretarán e crearán cancións sinxelas vocal e instrumentalmente. Coa frauta e instrumentos de percusión.	40	12	X	X	X
3	O son , as voces e os instrumentos musicais	Recoñecerán as calidades do son, os distintos rexistros e agrupacións vocais; así como as distintas familias e agrupacións de instrumentos.	10	4		X	
4	A diversidade musical	Tratarase de recoñecer a valorar músicas de distintos xéneros, estilos, épocas e cultura utilizando distintos medios de información.	10	4		X	
5	As artes escénicas e performativas.	Tratarase de recoñecer e valorar artes escénicas e performativas de distintos xéneros, estilos, épocas e culturas; así como crear e interpretar sinxelas coreografías.	20	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A linguaxe musical.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Lerá e escribirá partitura musicais sinxelas.	TI	100
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Terá respecto e actitude positiva durante a realización propia das actividades de clase.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manterá unha actitude de respecto e positiva durante as actividades realizadas na clase polos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión.
- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
2	Interpretación e creación musical	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manterá unha actitude positiva e de respecto durante as clases.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Compoñerá pezas ritmicas moi sinxelas. acompañará unha canción ritmicamente con palmas...		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Interpretará cancións moi sinxelas.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Interpretará composicións moi sinxelas coa frauta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Terá actitude activa nas actividades de traballo cooperativo.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Terá actitude activa nas actividades de traballo cooperativo.		
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Terá actitude activa nas actividades de traballo cooperativo.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manterá unha actitude positiva e de respecto durante as clases.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
3	O son , as voces e os instrumentos musicais	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manter unha actitude perceptiva e de respecto nas actividades de audición.	TI	100
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mantén unha actitude activa e de respecto nas actividades de búsqueda de información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
4	A diversidade musical	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece distintos estilos musicais: jazz, pop, folk, clásica...distintas formas musicais clásicas: concerto, sinfonía, sonata, ópera...manifestando actitude de interese pola cultura musical.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	Coñece as profesións vinculadas coa creación e interpretación musical.		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Utiliza distintos medios para adquirir información da diversidade cultural musical.		
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Observa e valora as diversas manifestacións culturais do entorno.		
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Recoñece as emocións que lle produce a recepción de obras musicais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mantén unha actitude de respecto durante as audicións musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mantén unha actitude de respecto durante a participación dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Aproximación aos principais xéneros musicais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.

Contidos

- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
5	As artes escénicas e performativas.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante o traballo cooperativo.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa na creación e interpretación dunha coreografía.		
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante o traballo cooperativo.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante o traballo cooperativo.		
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Manter unha actitude activa e de respecto durante o traballo cooperativo.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante o traballo cooperativo.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distingue danzas de distintas épocas e lugares.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Coñece profesións relacionadas coa creación e interpretación das artes escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Utiliza distintos medios para adquirir información sobre artes escénicas e performativas.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza distintos medios para adquirir información sobre artes escénicas e performativas.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Recoñece e valora a sensacións e sentimentos que lle produce a recepción das distintas obras escénicas e performativas espostas na clase.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante as actividades da clase.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante as actividades da clase.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante as actividades da clase.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante o traballo de creación e interpretación dunha coreografía.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante o traballo cooperativo.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante o traballo cooperativo.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mantén unha actitude activa e de respecto durante o traballo de creación e interpretación dunha coreografía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración.
- Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico , a PD remítese ás liñas reflectidas no currículo.

Poñeremos o foco nos seguintes aspectos:

-A educación integral: , orientada a formar persoas analíticas e reflrxivas, críticas, cultas, integradoras, colaboradoras, participativas, comprometidas, participativas, respectuosas e de mentalidade aberta.

-O desenvolvemento sostible.

-A conexión coa realidade: curiosidade e toma de conciencia.

-Aprendizaxe personalizado, mediante a flexibilidade.

- Avaliación formativa, con gran diversidade de instrumentos incluída a participación propia do estudante.

-O enfoque interdisciplinar.

-O uso e manexo responsable das tecnoloxías, dando importancia á información veraz e contrastada.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Os materiais empregados serán os seguintes: instrumentos musicais: frauta doce e de percusión indeterminada, aparato musical e discos, ordenador, proxector e pantalla, encerado pautado, láminas de instrumentos musicais, partituras, papel pautado, boletíns de exercicios...

Os alumnos deberán levar a súa frauta e unha carpeta para gardar as partituras e os boletíns de exercicios;o resto do material utilizado será do colexio ou da propia profesora.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

¿ Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

¿ Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

¿ Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.

¿ Entrevistas.

¿ Autoavaliación.

¿ Rutinas de pensamento.

¿ Cuestionarios de avaliación inicial

¿ Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	10	10	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A cualificación será mediante táboas de indicadores onde se recollerán o grao de consecución (non iniciado, iniciado, en proceso, avanzado) de cada indicador, que se corresponderá cos criterios de avaliación ou o desglosamento dos mesmos. polo tanto a recollida de datos directos da actividade da clase será a forma de avaliar e cualificar aos alumnos. tendo sempre en conta os pesos xa mencionados en apartados anteriores.

A unidade didáctica 1 do primeiro trimestre terá un peso do 20%

A unidade didáctica 2 dos primeiro, segundo e terceiro trimestre terá un peso do 40%

As unidades didácticas 3 e 4 do segundo trimestre terná un peso cada unha do 10%

A unidade didáctica 5 do terceiro trimestre terá un peso do 20%

Criterios de recuperación:

Como a avaliación é formativa e continua, a recuperación dun trimestre, se é necesario, farase aprobando o seguinte.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas xerais de atención á diversidade articúlanse aplicando:

¿ Reforzo educativo.

¿ Adaptacións curriculares.¿

Terase en conta especialmente as dificultades de psicomotricidade que presentan dous estudantes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.5 - Igualdade de xéneros	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz e a resolución de conflitos.	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1-Participación nos festivais de Nadal e de fin de curso.	Utilizaremos as aprendizaxes da frauta, os instrumentos de percusión, a voz e a coreografía na participación nos festivais do colexio.	X		X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-A PD revisouse ao longo do curso para acdar os obxectivos propostos.
-Adecuouse o deseño das unidades didácticas as características e necesidades do alumnado.
--Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
-Máis do 80% superou a materia.
Metodoloxía empregada
-Empregouse a metodoloxía reflectida na PD.
Medidas de atención á diversidade
-Levou a cabo medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
-Conseguiuse a participación activa do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
-Aplicouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

O seguimento será trimestral para a comprobación dos indicadores.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre, revisaremos a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos: reunións trimestrais do equipo docente co coordinador de ciclo, revisión do grao de cumprimento da PD dos indicadores de logro e propostas de mellora.

9. Outros apartados